

PACs en pé de GUERRA

4 de Outubro de 2018

Prezada Compañeira,

Prezado Compañeiro,

Pola presente as **traballadoras** e traballadores que formamos parte do colectivo PAC's en Pé de Guerra dirixímonos a vos para comunicarvos que, tras meses de reclamacións ao SERGAS da situación de precariedade nas que traballamos nos **PAC** e as negociacións durante meses sen chegar a ningún punto de encontro, **vémonos na obriga de ir a Folga**.

As nosas reivindicacións están relacionadas cos **recursos asistenciais para garantir a atención** as e os doentes e que esta sexa **de calidade, equipos de prevención** e de traballo axeitados ás situacións nas que debemos prestar a asistencia ou a **equiparación dos nosos dereitos aos do resto do persoal do SERGAS** (neutralidade de permisos retribuídos, coñecemento de xornada laboral, dietas correspondentes a xornada realizada, retribución do 100% dos complementos).

Sumado a isto vemos continuamente como uns servizos, considerados mínimos polo propio SERGAS, quedan ao descuberto constantemente coa consecuenta sobrecarga do persoal e as situación de descubertos no PAC en caso de saídas a emerxencias. **A falta de cobertura dos permisos e vacacións nos Centros de Saúde vinculados, a sobrecarga de traballo do persoal que está no centro de saúde e as listas de espera para consulta ordinaria tamén acaba tendo un incremento na demanda de asistencia nos PAC** atendendo procesos agravados pola espera da asistencia.

É por todo isto que as traballadoras e traballadores dos PAC's estamos en **folga os martes, venres e domingos desde o 16 de outubro ate o 11 de novembro**, non descartando que isto desemboque nunha Folga Indefinida en caso de non arranxo de estas xustas demandas.

Ante esta situación solicitamos a colaboración e solidariedade do persoal do SERGAS nestes días, así como a derivación programada do estritamente necesaria xa que eses días estaremos en servizos mínimos.

Agradecervos a vosa solidariedade e comprensión e aproveitamos para convidarvos a sumarvos as nosas mobilizacións que terán como punto de partida o día **16 de outubro cunha concentración fronte ao SERGAS en Santiago de Compostela as 10:30h**.

Sen outro particular enviamos un cordial saúdo.

Colectivo PAC's en Pé de Guerra